

01

Pere Comellas, *Portuguès per a catalanoparlants*, Argentona, Voliana Edicions, 2023, 261 páxinas.

**Víctor Bargiela**

Universidade Nacional de Educación a Distancia

Orcid 0000-0001-6542-5104. vbargiela@flog.uned.es. Universidade Nacional de Educación a Distancia. España.

Pere Comellas inspírase no libro *Basc per a catalanoparlants* de Beatriz Fernández e Anna Pineda (2016) como punto de partida para *Portuguès per a catalanoparlants*. Aínda que a distancia tipolóxica entre o catalán e o éuscaro é moito maior que a que o catalán ten co portugués, é a comparación con esta última lingua a que lle serve a Pere Comellas como eixo deste libro, en que explora as similitudes e diferenzas entre dúas linguas aparentemente próximas, sempre cun extremado respecto á súa variación dialectal e unha especial atención ás respectivas situacións sociolingüísticas.

Comellas procura espertar a curiosidade dos lectores cataláns cara ao portugués, revelando as riquezas lingüísticas e culturais da lingua portuguesa, xa que esta obra non só se limita ao ámbito lingüístico, senón que aproveita as cuestións gramaticais para afondar nas luces e sombras das dimensións histórica, social e política da lingua portuguesa. Canda as explicacións gramaticais, pódense atopar múltiples exemplos literarios que se establecen como exemplos de uso real da lingua portuguesa no eido da cultura. Son diversos tamén os excursos que serven para contar anécdotas históricas ou literarias, que nutren o texto dun interese que vai alén do filolóxico.

Dende este enfoque, *Portuguès per a catalanoparlants* non é unha ferramenta para aprender portugués, senón que se establece como un manual de lingüística románica comparada, no cal non só se dan a coñecer os trazos idiosincráticos do portugués: tamén se poden recoñecer os do catalán dende a confrontación coa alteridade portuguesa. É un magnífico manual de tradución do portugués ao catalán que busca prever todos os erros que podería cometer un tradutor potencial para remedialos, coa axuda de exemplos de textos e traducións verificadas.

O libro divídese en seis capítulos que se centran en diferentes eidos da lingua. O primeiro capítulo está dedicado á fonética. Comeza coa idea de que a fonética catalá é moito máis próxima ao portugués que á do castelán, xa que o portugués “sona com el català però no s’entén res” (p. 37). Non obstante, esgrime que un dos síntomas da minorización do catalán é a interposición, quere dicir, que as palabras ou nomes estranxeiros se pronuncian ao estilo da lingua maioritaria, do castelán. Isto quere dicir que os cataláns han deixar de pronunciar os nomes de portugueses como José Saramago ou Cristiano Ronaldo coma se fosen de Valladolid, xa que a pronuncia catalá é moito máis fiel á orixinal portuguesa. Finalmente, compáranse os sistemas ortográficos do portugués e do catalán, coa súa correspondencia fonética nas diferentes variedades dialectais e un apuntamento especial do sistema de acentuación do portugués, un pesadelo que fai que as normas de acentuación catalás semellen moi sinxelas.

O segundo capítulo afronta aspectos morfosintácticos. Comeza cunha breve explicación histórica das dúas linguas que traza lixeiros paralelismos entre o portugués e o catalán, tanto a nivel xeográfico –como franxas litorais a levante e poñente– como tamén a nivel histórico, con relacións turbulentas pero estreitas con Castela. Repasa despois as marcas morfolóxicas de xénero, a formación dos plurais e as diferenzas entre os sistemas verbais, concluíndo que o sistema portugués é moito máis regular que o catalán. A parte máis densa do libro seguramente sexa a explicación do futuro de subxuntivo e o infinitivo conxugado, que se abordan con múltiples exemplos literarios que fan a sintaxe máis levadía. Para rematar, explica a alomorfía tripla dos pronomes de terceira persoa a través de dous feitos históricos: o das tres Marías na ditadura salazarista en Portugal (Maria Isabel Barreno, Maria Velho da Costa e Maria Teresa Horta) e o da guerra de Canudos no Brasil (1896-1897).

O terceiro capítulo é unha lección de lingüística histórica, en que Comellas explica como foi o cambio lingüístico de diferentes raíces latinas ata chegar ás diferentes linguas románicas, especialmente ao catalán e ao portugués. Repasa tamén de forma entretida os diversos falsos amigos que xorden entre o portugués e o catalán, que poderían chegar a xerar situacións comprometidas. Lembra, por exemplo, que unha persoa *espantosa* en Portugal é sorprendente e incríbel, e se unha rapaza está *embaraçada* iso só significará que está nunha situación *embaraçosa*.

No cuarto capítulo percorre a historia da lingua galega a partir dunha análise da estrutura das cantigas de amigo e das cantigas de mestría. Afronta a filiación xenética da lingua portuguesa e conclúe que o portugués vén do galego, mais non é galego, xa que a intercomprensión oral é limitada e depende da vontade de cada persoa, e ademais non hai unha conciencia social dunha lingua única entre portugueses e galegos. O único criterio que esgrime a favor das correntes reintegracionistas sería o criterio histórico. Xustifica así que a situación do galego e do portugués non é comparábel á do catalán e mais o valenciano.

No quinto capítulo retoma a discusión e emprega os mesmos argumentos para analizar a situación do portugués europeo e o portugués do Brasil. Segundo Comellas, son moi reducidas as voces que afirman que o portugués brasileiro se teña convertido nunha lingua diferente, entre as que destaca Marcos Bagno, que defende que as respectivas gramáticas diverxeron tanto que xa non se pode falar da mesma lingua. Este capítulo continúa cunha comparación entre o portugués europeo e o portugués brasileiro. Destaca os procesos de simplificación da lingua portuguesa no referente ao sistema pronominal e ás conxugacións verbais. Da man da explicación do uso do imperativo no Brasil, o lector coñece tamén o Grupo dos Cinco do Brasil, o *Manifesto Antropofágico* de Oswald de Andrade e, en xeral, o movemento de arte moderna que se desenvolveu no estado brasileiro a partir da década de 1920.

O último capítulo vai dedicado ás vítimas do portugués: todos aqueles que padeceron a colonización cultural e lingüística do imperio portugués dende a conquista de Ceuta no ano 1415 ata a cesión de Macau á China en 1999. Agradácese a postura crítica que adopta Comellas ao repasar as consecuencias lingüísticas das políticas coloniais de Portugal coa redución de linguas no Brasil, que deixou “pinzellades ínfimas en un mar monolingüe portuguès” (p. 239), e a situación nos territorios colonizados en Asia e África, con situacións demográficas e procesos de colonización moi diferentes. Ademais, aproveita este capítulo para explicar a formación das linguas crioulas e o estado das linguas indoportuguesas, malaioportuguesas, sinoportuguesas e do crioulo de Cabo Verde –con textos de Armando Soares.

O libro está escrito integramente para falantes de catalán. Todos os exemplos trazan unha liña directa da catalanofonía á lusofonía sen escala ningunha en Castela, xa que non se asume en ningún momento o coñecemento da lingua castelá. Pode parecer obvio, pero é unha tarefa difícil nunha situación de minorización lingüística na cal a poboación xa quedou totalmente bilingüizada en castelán, francés ou italiano. Ademais, moitos dos exemplos incitarían a mirar que é o que acontece na lingua que cae no medio das dúas, que ás veces establece pontes entre as distintas construcións gramaticais estudadas. Esta tarefa vai á vontade dos lectores.

*Portuguès per a catalanoparlants* ofrece unha perspectiva moi interesante da lingua e cultura portuguesas. Permite coñecer os matices lingüísticos a partir de exemplos escritos por Fernando Pessoa, Eça de Queirós, Clarice Lispector, José Saramago, Mário de Sá-Carneiro ou Júlia Lopes de Almeida. É unha xanela aberta a unha morea de referencias culturais que invita a aprender portugués só para poder gozar de todas elas. O libro ten unha finalidade divulgativa e pretende entreter pero tamén ensinar lingüística de forma amena e rigorosa: fala de historia e literatura, pero tamén explica que son as consoantes palatais, a mesóclise ou as linguas crioulas. Ao final, o que amosa Comellas é que, como di na primeira páxina do libro, “totes les llengües són diferents i totes s’assemblen” (p. 31).

## Referencias bibliográficas

Fernández, Beatriz, & Pineda, Anna (2016). *Basc per a catalanoparlants*. Argentona: Voliana Edicions.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

## Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,  
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística  
e Literaria Galega)

### Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)  
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

### Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

### Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)  
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)  
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)  
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)  
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)  
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

### Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)  
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)  
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)  
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)  
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)  
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)  
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)  
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)  
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes  
e Alto Douro (Portugal)

### Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)  
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)  
Ángela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)  
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)  
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)  
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)  
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)  
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)  
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)  
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)  
Mária Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)  
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)  
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)  
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)  
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)  
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)  
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)  
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)  
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

### Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)  
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)  
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,  
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000  
ISSN/ 1576-2661  
ISSN-e 2444-9121  
Deseño/ Novagarda